

## **Índice de vendas de comercio polo miúdo. Decembro 2006 COMUNICADO**

---

### **Incremento interanual das vendas do comercio polo miúdo do 6,8% no mes de decembro de 2006**

#### **As vendas no comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 6,8% en decembro de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior**

Segundo os resultados do índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia, que ten por obxectivo medir as variacións mensuais nas vendas en empresas con esa actividade principal, no mes de decembro de 2006 produciuse un incremento interanual do 6,8%, en termos correntes, 8,4% se corriximos a serie do efecto producido polo calendario, é dicir, cando se elimina a influencia do distinto número de días hábiles e non hábiles entre un mes e outro ao longo do tempo. No acumulado do ano 2006 o incremento situouse no 8,9%.

Se analizamos as vendas en termos correntes por produto, no mes de decembro producíronse incrementos interanuais nos apartados de equipamento da persoa (7,6%), equipamento do fogar (1,6%) e no apartado de outros produtos (15,7%), mentres que no apartado de alimentación (-0,1%) produciuse unha lixeira diminución con respecto a doce meses antes. Se consideramos o acumulado do ano, houbo incrementos en todos os apartados, sendo o maior incremento o da categoría de outros produtos, cun 19,7%.

#### **As vendas nas grandes superficies non especializadas de Galicia aumentaron un 5,6% con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

Se clasificamos as vendas segundo a actividade da empresa, o índice de comercio especializado de decembro de 2006 aumentou en termos correntes un 7,6%, con respecto ao mesmo mes de 2005, e o do comercio en establecementos non especializados un 4,9%. No acumulado do ano 2006, o índice de comercio en establecementos especializados aumentou un 11,6%, mentres que o de establecementos non especializados nun 3,4%


Dentro deste último, o indicador das vendas en empresas con actividade principal o comercio polo miúdo e que dispoñan de algún establecemento con superficie de venda superior aos 2.500 m<sup>2</sup>, presenta en decembro unha taxa de variación anual do 5,6%, en termos correntes, e un 5,3% no acumulado do ano.

### Índice de vendas de comercio polo miúdo. Decembro 2006

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	179,4	6,8%	8,9%
Xeral (corrixido de calendario)	174,5	8,4%	8,9%
<b>Por actividade</b>			
Especializado	170,7	7,6%	11,6%
Non especializado	193,1	4,9%	3,4%
Grandes superficies	275,1	5,6%	5,3%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>